MEMORIA DE ACTIVIDADES

EXERCICIO 2017

Mª Celina Rey Diéguez
Presidenta de Acolle

ACOLLE, Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social
Rúa Sarabia nº 8, 36700-Tui (Pontevedra) Telf.: 8**86 317 691**
E-mail: secretaria@acolle.org
CIF: G-15526148

INDICE

1. **QUEN SOMOS.....Páx. 3**

2. **OBXECTIVOS DE ACOLLE.....Páx. 6**

3. **FINS DA ASOCIACIÓN.....Páx. 6**

4. **LIÑAS DE ACTUACIÓN.....Páx. 7**

5. **RELACIÓN DE ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO EXERCICIO 2017.....Páx. 8**

   1. **Información, orientación e asesoramento.....Páx. 8**
   2. **Xestión e tramitación de subvencións e axudas.....Páx. 8**
   3. **Subvención tramitadas no ano 2017.....Páx. 9**
   4. **Promoción de relacións institucionais.....Páx. 9**
   5. **Prestación de servizos sociais como entidade de iniciativa social.....Páx.10**
   6. **Programas de Cooperación: Contratación de profesionais.....Páx. 10**
   7. **Programas de formación para o persoal dos centros asociados.....Páx. 11**
   8. **Convenio de colaboración co Concello de Pontevedra.....Páx. 13**
   9. **Acontecementos destacados na vida da Asociación no ano 2017.....Páx. 14**

6. **Anexos.....…….…. Páx. 15**

1.- QUEN SOMOS:

Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social, ACOLLE, foi constituída en Santiago de Compostela o 29 de xuño de 1995, agrupando a residencias de maiores pertencentes a fundacións, asociacións e outras entidades sen fins de lucro, configurándose á súa vez como Asociación e Entidade Prestadora de Servizos Sociais.

A denominación de **ACOLLE** responde ó carácter esencial dos centros de iniciativa social como espazo de acollida para os maiores máis necesitados.

O noso logotipo está configurado pola súa denominación, abrazada por un óvalo multicolor que simboliza a nosa filosofía: acoller sen distincións.

O seu domicilio social actual atópase na rúa Sarabia nº 8, Tui, provincia de Pontevedra (Residencia "PAZ y BIEN"). Actualmente agrupamos 12 residencias e centros asociados, repartidos por toda a xeografía galega, atendendo a un total de 929 residentes.

A Asociación Galega de Centros e Residencias de Anciáns de Iniciativa Social ACOLLE, ademais de levar a cabo os seus propios proxectos e de representar ós seus asociados, está federada a "Lares-Federación de residencias y servizos de atención a los mayores-sector solidario", representa a tódolos centros de iniciativa social a nivel estatal.

A Asociación Galega de Centros e Residencias de Anciáns de Iniciativa Social ACOLLE, ten coma obxectivos a defensa dos intereses das residencias de anciáns de iniciativa social, intentando prestar asesoramento e representar ós centros nas relacións laborais e na relación coa administración.

Non obstante, os centros que integran ACOLLE, teñen unhas características moi similares:

- Son centros de finais do século XIX, principios do XX (na maioría dos casos) que nun principio contaban coa axuda de benefactores e xente que facía

doazóns para permitir que a residencia puidese seguir adiante.

- Na actualidade estes centros subsisten grazas ás achegas dos usuarios, achegas de particulares e a axudas dos Concellos e Deputacións Provinciais.

- Un dos grandes problemas que presentan os centros, son os de adecuación á normativa, xa que en moitos casos, ó ser edificios de séculos pasados, a modificación das características arquitectónicas supón unha gran dificultade por dous motivos fundamentalmente: os centros son antigos e en algún caso, non xurde como residencia de maiores e que moitos deles son patrimonio e non poden ser modificados para a adaptación á nova normativa.

- As residencias de iniciativa social, estiveron moi expandidas en toda a comunidade autónoma galega, chegando a ter residencias moi implicadas no dinamismo da comunidade, axudando ó crecemento da comunidade e á súa integración na mesma.

En relación a este último punto debemos destacar que o impacto que tiveron as residencias de iniciativa social foi tan alto que chegaron a contar con máis dun total de cinco mil prazas repartidas por toda a Comunidade Autónoma Galega.

En relación a este punto, xogaron un papel fundamental a participación social, e ata a década dos 80 as Deputacións e Concellos (administracións locais próximas) estaban caracterizados pola súa implicación, chegando a asumir en moitos dos casos ata un total do 50% do orzamento preciso para a manutención dos Centros; non obstante, este apoio á iniciativa social por parte da Administración Pública foi decrecendo por que a Administración Autonómica asumiu un papel directivo na prestación de servizos sociais, buscando a prestación directa por parte da Administración da atención residencial para a poboación.

Non obstante as prestacións económicas que outorga o Estado (sobre todo as de nivel non contributivo) non outorgan unha cobertura suficiente como para poder acudir a unha praza residencial privada, e debido a que en moitas ocasión as prazas públicas non poden ofrecer unha cobertura adecuada á toda a poboación que pode ser unha potencial usuaria de centros residenciais, polo que se fai necesaria a presenza da iniciativa social, para poder ofrecer unha praza residencial a aquelas persoas que por exemplo tan só

contan cunha pensión a nivel non contributiva de nivel mínimo (que se sitúan nunha contía aproximada de 366,90 €).

ACOLLE ten detrás un equipo de persoas que de maneira desinteresada esta neste momento o fronte e o seguinte;

Xunta Directiva

- **Presidenta** Mª Celina Rey Diéguez
  Residencia Divina Pastora (Vilagarcía de Arousa)
- **Vicepresidenta** Hna Mª Lourdes Carreira Monico
  Residencia Paz y Bien (Tui)
- **Tesoreiro** Bernardo Dávila Fuertes
  Residencia hosp. Asilo Nosa Sra dos Anxos (Ribadavia)
- **Vocal** Natalia Zabaleta Rodríguez
  Residencia San Xoan (Castro Rei)

- **Secretaria Técnica** Sonia Penedo Rodríguez

Nestes últimos anos bebido a crise económica, moitas das nosas residencias están tendo verdadeiras dificultades para chegar a cubrir o 100% das prazas, e as novas prazas que se van cubrindo fano moi por debaixo do prezo que teñen estipulado os Centros.

2.- OBXECTIVOS DE ACOLLE:

Os seguintes obxectivos da Asociación Galega de Centros e Residencias de Anciáns de Iniciativa Social ACOLLE, son os que se delimitaron pola Xunta Directiva cando a asociación comezou a dalos seus primeiros pasos no ano 1995, polo que os obxectivos son os seguintes, que de igual modo se atopan como tales, nos estatutos da asociación:

- Formar o persoal das Residencias e Centros.
- Formar e informar ós directivos das Residencias acerca dos criterios xerais de xestión que se deben manter nos centros residenciais.
- Fomentar melloras prácticas na atención dos residentes a fin de aumentar a calidade de vida dos mesmos.
- Implantación de novas tecnoloxías.
- Crear novos servizos que dean resposta ás demandas emerxentes do sector das persoas maiores dependentes, tales como: axuda a domicilio, centros de día, teleasistencia e outros servizos...
- Estudalas necesidades das Residencias en eidos tales como: arquitectónico, económico, laboral e social, co fin de elaborar proxectos de adecuación á normativa vixente e ás demandas sociais.

3.- FINS DA ASOCIACIÓN:

Entre os fins da Asociación están os seguintes:

1. A negociación de pactos, acordos e convenios colectivos, de conformidade coa lexislación que os regula.
2. A representación dos empresarios nas relacións de conflito laboral colectivo e individual.

3. A representación institucional dos empresarios nos órganos e institucións do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e naqueles outros de ámbito territorial inferior, no que a representación dos Centros este conferida ás organizacións empresariais.
4. A información, asistencia e asesoramento ós seus afiliados en canto empresarios.
5. A representación, coordinación, xestión, defensa e promoción dos intereses que son propios dos seus representados en canto empresarios.
6. A prestación de servizos sociais como entidade de iniciativa social, sendo a súa área de actuación as persoas maiores.
7. A representación institucional do sector coa presenza institucional nos foros de debate.

4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN:

Os obxectivos e os fins expostos anteriormente, deben acadarse dun xeito global, de tal modo que a solución global estea no camiño de conseguirse mediante as seguintes liñas de actuación:

- ✔ Dar representatividade ó sector da iniciativa social e participación activa nos foros de debate.
- ✔ Unha aposta polo aumento e especialización do persoal; xa que nos Centros asociados téñense detectados problemas de especialización de persoal: precísanse Xerocultores, Terapeutas, Persoal de Administración e Xestión, Traballadores Sociais, etc. Está claro, que ACOLLE debe seguir unha liña de actuación destinada á formación do noso persoal para afrontalos novos retos e tamén actuacións na liña do aumento do persoal de Centros Residenciais asociados que teñen unhas plantillas demasiados curtas.
- ✔ Melloralas prestacións e atención de cara ós anciáns (traballando principalmente a área de fisioterapia, rehabilitación cognitiva, as actividades ocupacionais e a atención especializada), destinadas dun xeito global á mellora da calidade de vida e ó benestar colectivo dos residentes dos Centros Residenciais asociados.

- ✔ Modernización dos Centros asociados. Para adaptalos ás novas necesidades residenciais e ós novos servizos que se implantan na Comunidade Autónoma Galega. Concepción de centros de vida e actividade en contra das concepcións antigas de almacén de xente inútil ou de crear guetos, en vez de centros abertos á comunidade.
- ✔ Diversificación de servizos. A axuda a domicilio, a teleasistencia ou a creación de programas de Centros de Atención Diúrna son alternativas interesantes e máis axeitadas á futura dinámica da sociedade.

5.- RELACIÓN DE ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO EXERCICIO 2017:

1. Información, orientación e asesoramento.

Dende a entidade realízase unha labor conxunta dirixida ás residencias de anciáns que constitúen esa Asociación de información, orientación e asesoramento en distintos ámbitos: sociais, laborais, normativos, de actualidade, de interese xeral, etc.

A información distribúese mediante circulares vía Internet, telefonicamente e/ou persoalmente.

Soamente a os asociación se lle mandaron uns 127 e-mail, informado de diversos temas como o progreso das negociacións do Convenio colectivo, sobre os diversos congresos e xornadas informativas, cursos de formación, cambios do IRPF, e avisando sobre as axudas con cargo o IRPF, promocións e ofertas que chegan a Asociación.

2. Xestión e tramitación de subvencións e axudas.

A entidade ocúpase de buscar, divulgar entre os asociados, solicitar e tramitar subvencións de distintas entidades públicas (Xunta de Galicia, Deputacións, Concellos...) e privadas (fundacións, obras sociais,...) das que poidamos ser beneficiarios.

ACOLLE, Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social
Rúa Sarabia nº 8, 36700-Tui (Pontevedra) Telf.: 8**86 317 691**
E-mail: secretaria@acolle.org
CIF: G-15526148

3. Subvención tramitadas no ano 2017:

ENTIDADES	SUBVENCIONES SOLICITADAS	DATA
XUNTA DE GALICIA SERVICIO DE PROGRAMAS OPERATIVOP DE EMPREGO XUVENIL	Subvención para a contratación de traballadores desempregados polas entidades sen animo de lucro	28/08/2017
XUNTA DE GALICIA SERVICIO DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN	Subvención para a contratación de traballadores desempregados polas entidades sen animo de lucro	23/10/2017
CONCELLO DE PONTEVEDRA	Programación de actividades para persoas maiores non dependentes: curso de habilidades memorísticas.	01/01/2017
CONCELLO DE PONTEVEDRA	Programación de actividades para persoas maiores non dependentes: curso de habilidades memorísticas.	07/07/2017
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Cohesión Social e Xuventude)	Subvención Servizos Sociais, Socio-sanitarios e da Xuventude	06/03/2017

Das subvención tramitadas, concedéronsenos as seguintes:

ENTIDADES	SUBVENCIONS CONDEDIDAS	DATA
XUNTA DE GALICIA SERVICIO DE PROGRAMAS OPERATIVOP DE EMPREGO XUVENIL	**21.160,02€**	**21/11/2017**
XUNTA DE GALICIA SERVICIO DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN	**17.667€**	**19/12/2017**
CONCELLO DE PONTEVEDRA	**13.240€**	**15/01/2017**
CONCELLO DE PONTEVEDRA	4.**760€**	**5/09/2017**
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Cohesión Social e Xuventude)	**3.407,62€**	**28/07/2017**

4. Promoción de relacións institucionais.

Representamos institucionalmente ás residencias asociadas a ACOLLE nos órganos e institucións do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e en aqueles outros de ámbito territorial inferior, nos que a representación dos Centros está conferida ás organizacións empresariais.

No último ano reunímonos unha vez coa Subdirectora de Inspección de Servizos Sociais, Vanesa Cal Rios para darnos a coñecer e poder establecer un maior fluidez con este organismo e poder saber que protocolos temos que levar e intentar unificalos.

5. Prestación de servizos sociais como entidade de iniciativa social.

A nosa área de actuación refírese ó sector da terceira idade, chegando a estender esta actuación incluso ó seu círculo familiar e social. A maioría dos nosos residentes son persoas maiores, padecendo problemas de saúde, sobre os que intentamos actual diminuíndo ou atrasando ó máximo posible o seu avance e dependencia.

Dentro destas actuacións temos programas como:

- Talleres de habilidades memorísticas.

6. Programas de Cooperación: Contratación de profesionais.

En colaboración coa Xunta de Galicia contratamos distintos profesionais do sector, que desenvolveron o seu traballo en distintas residencias do noso grupo, dependendo das necesidades de cada Centro.

No programa, correspondente ós anos 2016-2017, contratouse 1 profesional pertencente a categoría profesional do grupo 2, que realiza o seu traballo no seguinte centro:

- Residencia Hosp. Asilo de Vilalba, Enfermaría.

Tamén o día 21 de novembro de 2017 no programa de Subvencións para a contratación de traballadores desempregados polas entidades sen animo de lucro. Programa operativo de emprego Xuvenil, ven de outorgarnos unha subvención polo importe de 21.160,02€, equivalente a contratación de dous mozos desempregados inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Polo que se contrata a dous Auxiliares de enfermaría co grupo de cotización 7, un esta prestando o servicio na Residencia de Fisterra(Residencia Ntra. Señora do Carmen) e outro na Residencia de Lalín (residencia Ntra. Señora das Dores).

7. Programas de formación para o persoal dos centros asociados.

Na nosa longa traxectoria desenvolvemos proxectos de formación continua dos profesionais das residencias de maiores asociadas.

Da súa formación vai depender en parte o bo funcionamento dos nosos Centros e o benestar dos nosos residentes.

O día 26 de Xaneiro fixemos un curso sobre os Sistemas de Xestión baseado na ISO 9001:2005 para os directores/as e persoal administrativo das nosas residencias. Con unha duración de 8 horas. Asistiron 31 persoas. E entre os seus obxectivos están o de coñecer o entorno das normas de calidade e os sistemas de xestión, a estrutura da norma Iso 9001 e dar a coñecer os requisitos da Norma ISO 9001: 2005

O día 03 de marzo se impartiu unha charla sobre **"MALOS TRATOS AS PERSOAS MAIORES"**, para auxiliares de xeratría e foi impartido por D. Eduardo Ortega licenciado en dereito e especializado en dereito das persoas maiores. Asistiron 32 persoas e tivo unha duración de 4 horas. E entre os seus obxectivos estaba o de saber os tipos de malos tratos que había nas persoas maiores e saber identificalos cando se presentan.

O día 18 de outubro organizouse un curso sobre unha ferramenta que Lares Euskadi deseñou chamado **MODELO REFERENCIAL DE TEMPOS DE AUXILIAR DE XERATRIA**. Dirixido a persoal técnico. O seu obxectivo non é desenrolar un modelo reproducible para a estimación de ratios senón a definición dun marco referencial de tarefas e tempos unitarios implícitos na atención directa as persoas maiores en residencias. Asistiron a esta xornada de 5 horas 24 persoas. Estivo impartido polo secretario e presidente de Lares Euskadi.

E por ultimo, e non menos importante o dia 16 de novembro impartiuse un taller formativo de 3 horas para os animadores, terapeutas ocupacionais e psicólogos chamado DINAMIZADOR DE CLUBES DE LECTURA FÁCIL. Entre outros contidos se explicou as directrices para facer un club de lectura e expuxéronse dinámicas a usar adaptadas as persoas maiores. A encargada de ensinar este taller foi María Peralta e foi organizado coa colaboración de Federación Lares e subvencionado polo ministerio de educación, cultura e deporte (Goberno de España).

8. Convenio de colaboración co Concello de Pontevedra.

Realizamos diferentes actividades en colaboración co Concello de Pontevedra para persoas maiores non dependentes, e principalmente un curso de formación de

habilidades memorísticas para maiores, máis coñecido como “Talleres de Memoria”.

Este taller consta de 4 módulos:

- Módulo de habilidades sociais e de comunicación asertiva.
- Módulo de expresión corporal.
- Módulo de adestramento da memoria.
- Módulo de músico terapia.

Os seus destinatarios son persoas maiores de 60 anos.

Duración: de Xaneiro 2017 a Xuño 2017 e de Outubro

2017 a decembro 2017.

Nº grupos: 10.

Zonas do Concello de Pontevedra nas que se imparten os cursos:

- PONTESAMPAIO
- LÉREZ
- MARCÓN
- TOMEZA
- SALCEDO
- BORA
- A PARDA
- SAN ROQUE

9. Comisión de la mesa Negociadora do IV Convenio colectivo de Residencias privadas da terceira idade de Galicia

O pasado día 6 de marzo do 2017 a secretaria de emprego inscribe no rexistro a actualización das táboas salariais para o ano 2017 según acordado na comisión paritaria do convenio colectivo de Residencias privadas da terceira idade de Galicia, e do que Acolle forma parte. E saíron publicados no DOGA do mércores 29 de marzo.

Acolle forma parte da comisión da mesa negociadora do IV Convenio colectivo de Residencias privadas da terceira idade de Galicia. Leva asistido este ano 2017 a 3

reunións. A continuación indicase as datas das reunións;

-25 de setembro de 2017 – retomarmos negociacións despois de romper o pasado dia 14 de novembro do 2016.

-07 de novembro

-27 de Novembro

-21 de Decembro – Fecha na cal sen firma o IV convenio de Residencias privadas de Galicia.

Momento fa firma por parte dos membros da Patronal Agarte e Acolle

10. Acontecementos destacados na vida da Asociación no ano 2017.

- Acolle edita 13 noticias na súa páxina Web, as cales teñen unha media de entre 28 e 30 clic o que pon de manifesto que funciona e dando a coñecer os nosos valores e o traballo realizado.
- O pasado día 24 de Xulio, tiveron o honor de asistir, en nome de Acolle a Vicepresidenta a Irmán Lourdes Carreira Mónico (directora da Residencia Paz y Bien de Tui) e a Secretaria Técnica Dona Sonia Penedo Rodríguez a entrega de Medallas de Galicia 2017. Entrega que tivo lugar ás 13.00 horas no Museo Centro Gaiás na cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela.
- Outro punto destacable é que o pasado día 31 de maio a nosa secretaria técnica Sonia Penedo Rodríguez asistiu a III Asamblea Xeral de Lares Asociación, onde se explicaron como esta a situación do tercer sector , este punto foi o punto central da Asamblea debido a importancia que ten a subvención a conta do 0,7% do IRPF. a asistencia da secretaría técnica en representación de Acolle a Asamblea da Federación Lares, que tivo lugar en Madrid o día 20 de abril.
- O 21 de Decembro Acolle firma xunto coa Asociación Agarte o IV Convenio de Residencias Privadas.

ACOLLE, Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social
Rúa Sarabia nº 8, 36700-Tui (Pontevedra) Telf.: 8**86 317 691**
E-mail: secretaria@acolle.org
CIF: G-15526148

6. Anexos

ANEXO 1

Acolle, está formada por 12 centros, ubicados en toda a xeografía galega e con distintos números de plazas cada una, que a continuación se indican.

	NOME DA RESIDENCIA		CP	LOCALIDADE	PROV	TEL	CORREO ELECTRONICO
1	Residencia Padre Rubinos	Avd. La Bañou, 2	15011	A Coruña	A Coruña	981 251 998	mar.ibsrubinos@gmail.com
2	Rdci. Hospital Asilo de Vilalba	Avd. Doutor Placido Peña	27800	Vilalba	Lugo	982 510 006	jesus.ramil@fhav.org
3	Rdci. Ntra. Sra. Das Dores	C/D, 17	36500	Lalin	Pontevedra	986 781 897	direccion@residenciadasdores.es
4	Rdci. Asilo Hospitalario Divina Pastora	C/ Ramón Lopez Piñeiro, 11	36600	Villagarcia de Arousa	Pontevedra	986 501 902	direccion@residenciadivinapastora.com
5	Rdci. Paz y Bien	C/ Saraiba, 11	36700	Tui	Pontevedra	986 600 711	lourdes@residenciapazybien.com
6	Fund. Hosp. Asilo N.Sra. Dos Anxos	Rua Celso Emilio Ferreiro,2	32400	Ribadavia	Ourense	988 470 104	fundacion@dosanxos.org
7	Rdci. Romero Blanco Monroy	Campo de las Ruedas, 14	15200	Noia	Pontevedra	981 821 702	laura@fromeroblanco-monroy.org
8	Asoc. de Coop. Obra Social Ntra. Sra. del Carmen	R./ Alfredo Saralegui, 1	15155	Fisterra	A Coruña	981 74 02 92	casafamiliafisterra@hotmail.com
	RESID. MENSAJEROS DE LA PAZ						
9	Rdci. Santisima Virgen del Carmen	Rua Miguel de Cervantes, 35	27780	Foz	Lugo	982 140 022	residenciafoz@edaddoradaclm.es
10	Residencia "MI CASA"	C./ Coruña, 57	15401	Ferrol	A Coruña	981 353 999	residenciaferrol@gmail.com
11	Residencia San Rafael	C/ Jose Mª Pardo, 26	27740	Mondoñedo	Lugo	982 521 833	residenciamondonedo@edaddoradaclm.es
12	Residencia San Xoan	C/Alcalde Emilio Sinde Nieto, 54	27250	Castro Rei	Lugo	982 108 029	residenciacastroderei@edaddoradaclm.es

ACOLLE, Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social
Rúa Sarabia nº 8, 36700-Tui (Pontevedra) Telf.: 8**86 317 691**
E-mail: secretaria@acolle.org
CIF: G-15526148

ANEXO 2

CENTROS ASOCIADOS A "LARES ASOCIACIÓN"

	CENTRO	DIRECCIÓN	POBLACION	PR
1	Asoc. Coop. Obra Social Ntra. Sra. Del Carmen	R/ Alfredo Salategui, 1	Fisterra	CO
2	Residencia Padre Rubinos	Avd. La Bañou, 10	A Coruña	CO
3	Residencia Hop. Asilo de Vilalba	Avd. Plácido Peña	Vilalba	LU
4	Fund. Hosp. Asilo N. Sra. Dos Anxos	Rúa Celso Emilio Ferreiro, 2	Ribadavia	OU
5	Residencia Ntra. Sra. Das Dores	Rúa D,	Lalín	PO
6	Residencia Paz y Bien	C/ Saraiba, 8	Tui	PO
7	Residencia Divina Pastora	C/ Ramón Lopo Piñeiro, 11	Vilagarcía de Arousa	PO

ACOLLE, Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social
Rúa Sarabia nº 8, 36700-Tui (Pontevedra) Telf.: 8**86 317 691**
E-mail: secretaria@acolle.org
CIF: G-15526148

ANEXO 3

ORGANIGRAMA